

# PROPOSTA DE NORMAS E CALENDARIO PARA A CELEBRACIÓN DA VII ASAMBLEA NACIONAL DE ESQUERDA UNIDA-IZQUIERDA UNIDA DE GALICIA.

En cumprimento do disposto nos artigos 56 e 61 dos estatutos de E.U.-I.U. o Consello Político Nacional de E.U.-I.U. aproba a convocatoria da VII Asamblea Nacional de E.U.-I.U. para o día 4 de outubro do ano 2003, en Santiago de Compostela, as normas para a preparación e o proceso assembleario previo á celebración da mesma.

## 1.- BASES PARA A PREPARACIÓN DA VII ASAMBLEA NACIONAL

1.1 A Asamblea Nacional debe ir precedida do máis amplo debate previo, aberto e plural no seno de E.U.-I.U. e na sociedade. Para elo o proceso de debate e elección de [delegad@s](#) deben estar presididos polo funcionamento democrático que marcan os estatutos, respecto do pluralismo e o equilibrio de xéneros.

Se invitará á participación neste debate a cantas persoas de esquerda, colectivos sociais, etc. que estén interesados en dar as súas opinións e enriquecer o debate.

1.2 O traballo preparatorio da VII Asamblea Nacional será dirixido pola Executiva Nacional.

1.3 Se crearan dúas comisións para a redacción dos Documentos que serán debatidos na VII Asamblea Nacional

Comisión: Documento Político

Comisión: Organización, Finanzas e Estatutos.

**Nota: A composición das comisións será aprobada polo C.P.N. a donde se elevara unha proposta**

## 2.- DEBATE DOS DOCUMENTOS E ELECCIÓN [DES DELEGAD@S](#).

2.1 Os documentos aprobados no C.P.N. e as enmendas que no mesmo obtiveran un 25% dos votos serán debatidas nas Asambleas Comarcais, coa máis ampla participación social. Nas mesma se elixiran [@s delegad@s](#) que participarán na VII Asamblea Nacional.

2.2 O debate será organizado de forma que se garantice a presentación e explicación dos textos sometidos a debate polos membros do C.P.N.

2.3 Terán dereito a participar nas Asambleas Comarcais [tódol@s](#) adscritos a E.U.-I.U. que esten incluídos nos censos aportados polas organizacións comarcais, debendo estar ó corrente do pago das cuotas establecidas segundo os artigos 30 e 99 dos estatutos e contar cunha antigüidade mínima de

60 días na organización con arreglo á data indicada para a celebración da VII Asamblea Nacional de E.U.-I.U que será o 4 de outubro.

2.4 Para a distribución [d@s delegad@s](#) as organizacións comarcais deben ter ingresado á dirección nacional o 55% das cuotas como marcan os estatutos, no seu artigo 100, ou no seu caso acreditar un acordo cos órganos de dirección nacionais.

2.5 O peche para a presentación de censos e a súa posterior aprobación polo C.P.N. será o día 25 de agosto.

2.6 Se celebrarán Asambleas Comarcais nas que se debatirá: o informe político do C.P.N., se elixirán as persoas que integrarán o C.P.N. pola comarca que lles corresponda, ademais das persoas membros das diferentes comisións da assemblea, mesa da assemblea, comisión de credenciais e portavoz da delegación.

2.7 Pasarán a debate na Asamblea Nacional as enmendas maioritarias e as minoritarias que obtiveran como mínimo o 25% dos votos na Asamblea Comarcal correspondente.

2.8 As Asambleas Comarcais enviarán os nomes das persoas elixidas para participar na Asamblea Nacional e para formar parte do C.P.N., en representación da comarca, á Executiva Nacional como data límite o 24 de setembro.

### **3.-DESENVOLVIMENTO XERAL**

3.1 As candidaturas que se presenten ás Asambleas Comarcais deberán ir precedidas do máis amplo consenso. No caso de presentarse máis dunha candidatura, esta deberá ir avalada polo 10% da asistencia, coa aceptación asinada da súa inclusión na candidatura de cada un [d@s](#) compoñentes, respetando o principio de equilibrio de xéneros.

3.2 As incidencias que pudieran xurdir durante todo o proceso assembleario as resolverá a Executiva Nacional, sendo as súas decisións recurribles antes a Comisión de Garantías, reuníndose esta con carácter urxente.

3.3 Á assemblea Nacional asistirán aproximadamente 150 persoas, sendo distribuídos da seguinte forma: 1 delegad@ por cada 5 [adscri@s](#) ou fracción superior a 2, máis os membros da executiva nacional [elixid@s](#) polo C.P.N.

3.4 Dos procesos de elección e presentación de candidaturas:

A Mesa da Asamblea fará de Comisión de Candidaturas.

No caso de presentación de máis dunha candidatura estas serán bloqueadas e pechadas sendo o reparto dos membros proporcional ó número de votos obtido por cada unha delas.

### **4.-COMPOSICIÓN DA VII ASAMBLEA NACIONAL DE E.U.-I.U.**

- 4.1 Serán membros natos a Executiva Nacional.
- 4.2 A Comisión de Garantías con voz pero sen voto.
- 4.3 @s [delegad@s](#) [elexid@s](#) seundo as presentes normas.
- 4.4 A Mesa da Asamblea estará composta por 5 mebr@s [elexid@s](#) a proposta da Executiva Nacional e unha persoa de cada comarca elexida na súa asamblea comarcal. Unha vez constituída a mesa elexirán unha/un president@, unha/un Vicepresident@, duas/dos@s [secretari@s](#) e o resto dos componentes como vocais.
- 4.5 Son funcións da Mesa presidir e dirixir a Asamblea no cumprimento das Normas establecidas e dos estatutos.

Regular o tempo.

Ordenar o debate

Resolver todas aquelas cuestións que sexan necesarias para o normal desenvolvemento da Asamblea.

Resolucións

Candidaturas.

- 4.6 Os debates dos documentos realizaranse en Comisións pasando a debate no Plenario aquelas que alcancen como mínimo o 25% dos membros asistentes no momento da votación. As/os delegada/os de cada comarca repartiranse proporcionalmente nas distintas comisións.
- 4.7 As delegacións comarcais son as seguintes: Ferrol, Coruña, Santiago, Lugo, A Mariña Lucense, Ourense, Vigo, Pontevedra, Redondela, Arousa, Val Miñor, O Morrazo.
- 4.8 @s membros das comisións elixirán unha/un president@, unha/un secretari@, unha/un portavoz que presentará as conclusións para o Plenario. Para a defensa das enmendas que obtiveran a minoría cualificada poderán rotar a portavocía.
- 4.9 As comisións para o debate dos documentos serán:

Comisión A: Documento Político

Comisión B: Documento de Organización, Finanzas e Estatutos.

4.10 Composición e funcións da Comisión de Credenciais

A Comisión esta composta por 3 membros [propost@s](#) pola Executiva Nacional e un representante por cada comarca, a comisión nomeará unha/un portavoz que presentará ó Plenario o informe da mesma, servindo estes datos para a distribución proporcional entre as comisións de traballo e o número mínimo para avalar unha proposta de candidatura.

## CALENDARIO:

28/06/03: O Consello Político Nacional convoca a VII Asamblea Nacional De E.U.-I.U., nomea as persoas que comporan as comisións redactoras dos documentos e aprobará as normas.

25/08/03: Executiva Nacional aproba os documentos e o censo para a VII Asamblea Nacional de E.U.-I.U. e envía os documentos ós membros do C.P.N., convocando para o 30 de agosto.

30/08/03 : O Consello Político Nacional aproba os documentos, o censo e a distribución de [delegad@s](#).

08/09/03 ata o 20/09/03: Celebración de Asambleas Comarcais.

24/09/03: Fin do prazo para a presentación das enmendas e a relación de [delegad@s](#).

27/09/03: Consello Político Nacional aprobará a distribución de [delegad@s](#) por comarcas, o informe político para a VII Asamblea Nacional, o regulamento da asamblea, así como os documentos.

04/10/03: VII Asamblea Nacional de E.U.-I.U. en Santiago de Compostela